



# veciñanza

nota de prensa

## Veciñanza valora positivamente a reclamación ante a Consellaría de Industria dos dereitos públicos sobre as augas termais

*A recente iniciativa de solicitar ante a Consellaría de Industria a inscrición dos mananciais da Rúa Real e o de Lume de Deus por parte do Concello de Cuntis conta co respaldo e apoio de Veciñanza, que a valora como unha iniciativa necesaria no camiño da recuperación dos dereitos públicos das nosas augas.*

Cuntis, 5 de agosto de 2019. Veciñanza considera que a respecto das augas termais o irrenunciable punto de partida para calquera valoración ten que ser o indiscutible carácter público do noso ben natural máis prezado. A partires de aquí, en Cuntis existe unha situación anómala derivada dunha controvertida e lamentable decisión do PSOE nos anos 90: o Convenio Termal.

A recente iniciativa de solicitar ante a Consellaría de Industria a inscrición dos mananciais da Rúa Real e o de Lume de Deus por parte do Concello de Cuntis conta co respaldo e apoio de Veciñanza, que a valora como unha **iniciativa necesaria no camiño da recuperación dos dereitos públicos das nosas augas**. Desta maneira ponse en evidencia que a entidade que explota o balneario de Cuntis desfruta da auga en réxime de “*concesión administrativa*”, e que **os sobrantes deses aproveitamentos correspóndenlle, por dereito, aos veciños e veciñas de Cuntis** (é dicir, á administración pública). Ademais, cómpre non esquecer que **o manancial que abastece o aproveitamento privado atópase en chan de dominio público**.

Veciñanza reitera a súa disposición á colaboración co Grupo de Goberno nesta materia se o obxectivo é loitar pola defensa dos bens públicos, nomeadamente das nosas augas quentes, sinal de identidade da vila termal de Cuntis. Agardamos que a Consellaría de Industria actúe conforme ao que dita a propia Constitución Española -que consagra o carácter público dos bens naturais - e non se situe da beira dos intereses privados abusivos. Ademais, Veciñanza considera que o Concello de Cuntis non deba descartar a vía xudicial para defender a recuperación da titularidade pública das augas termais sen ningún tipo de confusións nin opacidades.

